



|                |                            |                |                      |
|----------------|----------------------------|----------------|----------------------|
| Título         | #MEREZCOUNACALLE           |                |                      |
| Nivel          | 2º ESO                     | Área/Materias: | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| Equipo docente | FRANCISCO CANOURA QUINTANA |                |                      |

|                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                          |               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|---------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos didácticos                    | <p>-Comprender que as mulleres e os homes non son seres dados e inmutables senón son suxeitos históricos construídos socialmente, é dicir, produto da organización de xénero dominante en cada sociedade e en cada época e ser consciente de que as condicións e situacións vitais son transformables e débese traballar en prol dunha vida máis libre, igualitaria e xusta.</p> <p>-Contrastar diversas fontes de información, seleccionar as relevantes e analízalas críticamente desde a perspectiva de xénero, organizando a información e argumentando as propias ideas de forma oral a través da participación en diálogos e debates e de forma escrita ou gráfica.</p> |                          | Produto final | <p>#Merezcounacalle é un proxecto que nace no IES Cartima e a súa profesora Rosa Liarte. Desde o IES de Mugardos e o seu profesor de Historia, Francisco Canoura Quintana o alumnado de 2º da ESO investigamos as rúas a nome de home e a nome de muller. Posteriormente contactamos cos concellos de Mugardos e Ares respectivamente e propuxemos que se interesasen pola realidade e pola igualdade nos seus concellos.</p> <p>Co proxecto #merezcounacalle non pretendemos cambiar os nomes das rúas. O proposito é chegar á igualdade de rúas a nome de home e de muller, achegando aos concellos o proxecto e que se comprometan a que as novas rúas dos concellos, leven nome de muller hasta chegar á igualdade real.</p> <p><a href="https://leyendadelartista.blogspot.com/2018/06/merezcounacalle.html">https://leyendadelartista.blogspot.com/2018/06/merezcounacalle.html</a></p> |
|                                          | Competencias                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                          |               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Estándares de aprendizaxe e competencias | <ul style="list-style-type: none"><li>- Contrastar diversas fontes de información, seleccionar as relevantes e analízalas críticamente.</li><li>- Traballar en equipo e participar activamente nas actividades propostas.</li><li>- Recoñecer a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres, relacionándoas con variables económicas, políticas e culturais.</li><li>- Coñecer e valorar o papel das mulleres na cultura, na ciencia e na historia e a súa ocultación na historia transmitida, identificando as principais conquistas do movemento feminista e valorando as súas achegas para o desenvolvemento dos sistemas democráticos.</li></ul>          | CSC, CAA, CCL, CD, CMCT, |               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |

### Tarefas, actividades, exercicios

- Procura de información das rúas dos municipios a través de Google Maps.
- Capturas de pantallas do mapa de municipio e sinalar as rúas de homes e mulleres.
- Realizar un reconto das rúas e preparar unha presentación para expoñer en clase aos compañeiros/ as ante o/a profesor/a.
- Cos resultados obtidos redactar unha carta dirixida ao concelleiro/a ou ao alcalde/ sa para o seu coñecemento.
- Facer chegar a carta ás autoridades.
- Procura de información de mulleres relevantes que merezan unha rúa.
- Realizar traballos monográficos das mulleres relevantes e presentalos en clase.

### Organización

Tempo

Espazos


Metodoloxía

- 2º trimestre.
- Aula de referencia.
- Uso das TIC, ordenadores persoais Edixgal.

### Avaliación:

Criterios,  
procedentos,  
instrumentos

- Traballar en equipo e participar activamente.
- Valorar positivamente o uso das TIC.
- Buscar, sintetizar e expoñer a información obtida.
- Coñecer e valorar o papel das mulleres na cultura, na ciencia e na historia e a súa ocultación.



<https://leyendadelartista.blogspot.com/2018/06/merezcounacalle.html>